



Benvida e benvido á nosa Web!

Comprácenos o teu interese por visitar a nosa páxina e coñecernos.

A idea da creación do noso instituto xurdiu a finais dos anos oitenta cando o movemento veciñal de Chapela sentiu necesaria a construción dun centro educativo na parroquia que evitase a dispersión do alumnado da zona entre Redondela e Vigo, e que ademais ofertase estudos de Formación Profesional. As longas e enérxicas mobilizacións que chegaron ata a capital de Galicia fixeron que en outubro de 1991 o IES Chapela comezase a súa andaina. Vinte e sete anos despois é este mesmo ímpeto das nosas veciñas e veciños, que nos transmite que somos algo máis que un conxunto de individuos illados, o que nos invita a seguir construíndo e transformando a nosa sociedade. O motor que tentamos continúe a mover a nosa comunidade educativa.

Poderás ver encabezando a páxina de inicio da nosa web o lema *Escoitar, aprender e compartir*. Tres verbos encadeados extraídos da canción *Terra* do grupo Dakidarría que en 2014 foi utilizada para realizar no centro un videoclip en lingua de signos en defensa dos dereitos das persoas xordas. Así é como queremos entender o IES Chapela. Un centro que siga o pulso da transformación das tecnoloxías da información e da comunicación onde **escoitar** os distintos sectores da comunidade educativa, alumnado, nais e pais, persoal non docente e profesorado, para construír a convivencia en positivo e superar o modelo de sociedade baseado no individualismo e a competitividade. Un centro onde **aprender** todas e todos, de todos e todas, dos nosos acertos e dos nosos erros, non só orientado aos coñecementos curriculares, senón dirixido a conseguir a formación integral das persoas tendo en conta as súas características e necesidades persoais. En definitiva un centro onde **compartir**, que sitúe a igualdade de xénero no centro das súas actuacións cotiás, sensible co contorno medioambiental e co contexto social e económico, e que contribúa a crear un vencello emocional e identitario da comunidade educativa co seu instituto.

Nesta páxina web na que acabas de entrar incluímos toda información sobre a nosa oferta educativa en ESO, Bacharelato e Ciclos medios e superiores de Formación Profesional da rama Sanitaria e de Servizos á comunidade tanto en horario diúrno como modular. Poderás consultar programacións e información dos distintos departamentos, da Biblioteca, a organización académica de cada curso escolar cos seus horarios, aulas, calendarios, transporte... Encontrarás novas sobre diferentes proxectos e diversas actividades docentes e lúdicas, contactarás coa ANPA ou seguirás a intensa actividade do EDLG en prol da nosa lingua, un dos nosos obxectivos prioritarios. Acabas de abrir unha ventá ao que acontece no día a día do IES Chapela.

Agardámoste para o que precises. Grazas pola túa visita

En Chapela, a 1 de xullo de 2018

O Director

Miguel Pérez Lorenzo